

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN ESCOLAR DE ALERTAS DO 28 DE XANEIRO DE 2025

A Comisión Escolar de Alertas reúnese o martes, 28 de xaneiro de 2025 ás 14.15 horas, coa asistencia dos representantes dos seguintes órganos:

- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
- Axencia Galega de Emerxencias (Axega)
- Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático (Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral)
- Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
- Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
- Dirección Xeral de Mobilidade
- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

A AEMET e MeteoGalicia informan dun fenómeno meteorolóxico adverso **de nivel LARANXA por VENTOS en terra na zona da Mariña de Lugo de 00.00h a 12.00h do día 29 de xaneiro 2025.**

Ante a devandita situación de risco, a Comisión Escolar de Alertas acordou o seguinte:

1. A SUSPENSIÓN da actividade docente e o transporte escolar de uso especial na zona da Mariña de Lugo durante toda a xornada do 29 do xaneiro.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

ANEXO: DEFINICIÓN DAS ZONAS DE ADVERSO METEOROLÓXICO

A Mariña [325]

Está formado por 15 concellos da provincia de Lugo:



Alfoz
Burela
Foz
Mondoñedo
Pontenova (A)
Trabada
Vicedo (O)
Xove

Barreiros
Cervo
Lourenzá
Ouro
Ribadeo
Valadouro (O)
Viveiro